

# F E B R E I R O

**Día 1 e 2** - Unha persoa que se dedica ao traballo doméstico ocúpase da súa casa, vai á compra e coziña, lava a roupa, preocúpase polo benestar de todos os seus membros, cuida das fillas e os fillos, así como das persoas maiores que non poden valerse por elas mesmas, e todo isto sen ter un soldo nin seguridade social, sen cotizar e sen ter ningún recoñecemento nin valoración social. ¿Sabes que é a «tripla xornada» que padecen as mulleres? ¿Podería considerarse unha forma de escravismo?

**Día 3** - En Noruega, no ano 1980, había unha muller como Primeira Ministra e 8 mulleres máis no seu Gabinete. Pode ter algo que ver a cobertura que este país concede á maternidade e paternidade? (Permiso de maternidade, 52 semanas; permiso de paternidade, 4 semanas)

**Día 8** - Pescuda cantas fillas e fillos teñen as ministras que neste momento forman parte do Goberno español. Despois, pescuda cantas fillas e fillos teñen os ministros. ¿Que conclusións podes tirar desas cifras?

**Día 10** - En España o 60% das persoas que se licencian son mulleres, pero son minoría nas carreiras técnicas. Por que consideras que sucede?

**Día 12** - En Educación a maioría de profesionais son mulleres pero o seu número descende cando se trata de postos de responsabilidade, mesmo até ser simplemente testemuñais na Universidade. Razoa sobre esta circunstancia

**Todo o mes** - No mercado empresarial, é moi difícil encontrar mulleres empresarias. O 71% das directivas traballa pola súa conta ou en empresas pequenas. Non poden ou non queren as mulleres dedicarse aos negocios?. Pescuda que quere dicir o teito de cristal e a aplicación ao segmento do que falamos.



# F E B R E I R O

L	M	Me	X	V	S	D
			1	2	3	4
			1873 Morre Gertrudis Gómez de Avellaneda. Escritora e loitadora contra a escravitude	1813 A Asemblea Xeral declara libres a fillas/os de escravos do Río da Prata	1880 Gro Harlem Brundland, 1ª Ministra Norueguesa, escolle un Consello de 8 mulleres	1921 Nace Betty Friedan. Psicóloga feminista. Fundou NOW. "A mística da feminidade"
5	6	7	8	9	10	11
Almudena Grandes, escritora comprometida, que visibiliza ás mulleres	1918 Instítúese o voto das mulleres no Reino Unido	1849 Nace Mercedes Cabello de Carbonera, iniciadora da novela moderna no Perú	1958 Nace Marina da Silva. Loitadora Sindicalista. Ministra do Medio Ambiente no Brasil	1978 Carmen Conde, escritora, converteuse na 1ª muller da Real Academia Española	1891 Falece Sofia Kovalevskaya. Matemática. Rotación do sólido rixido	1596 A galega Isabel Barreto conclúe en Manila a 1ª expedición dirixida por unha muller
12	13	14	15	16	17	18
1921 Nace Asunción Linares; 1ª muller catedrática nunha facultade de Ciencias	1917 Margar. Gertrudis Zelle, "Mata-Hari", espía holandesa, é detida nun hotel de París	1902 Fundase en Washington a Alianza Internacional para o Sufraxio Feminino	1992 Mª Elena Moyano, loitadora social peruana, é asasinada por Sendero Luminoso	415 Hipatia de Alexandria, matemática e inventora, asasinada por cristiáns	1905 Nace Rozsa Peter, matemática, expón a Teoría Recorrente da Función	1934 Noruega. As mulleres poderán acceder a cargos oficiais do Estado e da Igrexa
19	20	21	22	23	24	25
1941 Nace Elfrida André, organista e compositora sueca	1914 Nace en Porto Rico Ulla de Burgos, poeta. Premios de literatura e xornalismo	1942 Nace Margarethe von Trotta, actriz, guionista e realizadora	1905 Nace Trinidad Revolto, sindicalista. Secretaria da Unió de Dones de Catalunya	2001 A C.P.I. dita a 1ª Sentenza por violación sexual. Crime contra a humanidade	Neste e noutros días, Antonina Rodrigo visibiliza a mulleres silenciadas e esquecidas	1905 Pasamento en Marsella da grande revolucionaria Louise Michel, aos 72 anos
26	27	28				
1971 Nace Erykah Badu, cantante negra norteamericana	1904 Nace en Ávila Mª Pilar Losada, 1ª muller piloto do estado español	1909 Celébrase nos EUA o primeiro "Día Nacional da Muller"				